



Alerta dun fenómeno meteorolóxico adverso de nivel LARANXA por refachos de vento superiores a 100km/h

A Axencia Estatal de Meteoroloxía e MeteoGalicia alertan dun fenómeno meteorolóxico adverso de **nivel LARANXA por refachos de vento superiores a 100km/h**, que comezará as 12:00 horas do **venres día 9.11.2018** e prolongarase ata as 00:00 horas do día 10.11.2018. Este adverso afectará ás zonas de predición meteorolóxica de **noroeste da Coruña e a Mariña**.

Ante a devandita situación de risco, a Comisión Escolar de Alertas acordou o seguinte:

1. A SUSPENSIÓN DE ACTIVIDADES NO EXTERIOR nos centros educativos situados nas zonas de predición meteorolóxica afectadas.
2. A autoridade educativa comunicará esta incidencia ás direccións dos centros escolares afectados, solicitando que leven a cabo esta medida e fagan un seguimento dos partes meteorolóxicos durante a xornada na que se desenvolverá este adverso.
3. Para o caso de que as circunstancias da localidade onde se atopa o centro, supuxesen un risco superior ao declarado e pasase a unha declaración de nivel superior, as direccións poderán adoptar as decisións oportunas respecto da suspensión das actividades extraescolares.

A información meteorolóxica poderá ser consultada a través da páxina web da AEMET (<http://www.aemet.es/es/eltiempo/prediccion/avisos?w=mna>)

Mais información na páxina: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/26385>

A DIRECCIÓN